

Adaptación: **STEFANÍA FANTAUZZI**
Ilustracións: **ADRIÀ FRUITÓS**
Tradución: **VITORIA BALLESTEROS**
Interpretación musical: **HUNGARIAN STATE OPERA
CHOIR AND ORCHESTRA
PIER GIORGIO MORANDO**

Libro-disco. Encadernado en cartón.
36 páxinas a toda cor. 24,5x21,5 cm.

Dispoñible en:

- Galego: "O elixir do amor"
Kalandraka-Hipòtesi. ISBN 978-84-8464-686-0
- Portugués: "O elixir do amor"
Livros para Sonhar. ISBN 978-989-8205-06-3
- Italiano: "L'elisir d'amore"
Libri per sognare. ISBN 978-88-95933-21-4

Prezo: 22 €



O ELIXIR DO AMOR

de **GAETANO DONIZETTI**

Unha tarde de verán o sol ardía sobre os trigais dos arredores dun pobo do País Vasco. Os segadores deixaran de traballar e descansaban á sombra dunha árbore grande e vizosa perante as portas dunha facenda. Entre eles atopábase Giannetta, unha moza do lugar espelida coma un allo e a quen non se lle escapaba detalle ningún. Adina, a propietaria da facenda, estaba sentada un chisco máis alá e lía nun libro atentamente.

Nemorino, un mozo apoucado e torpe, namorouse sen esperanza de Adina, a moza máis bela e adiñeirada do lugar, aínda que tamén a máis voluble e antolladiza. Coa chegada de Belcore, un militar presuntuoso que lle fai a corte a Adina ao pouco de coñecela, a situación de Nemorino complicase. Un estraño personaxe, Dulcamara, xogará sen sabelo un papel memorable: grazas ao seu milagreiro elixir -o mesmo que noutro tempo axudou a Tristán a namorar a Isolda- sucederanse unha serie de situacións imposibles que porán ao límite aos tres personaxes ata chegar a un final inesperado.

Esta ópera de Gaetano Donizetti (Bérgamo, Italia, 1797-1848) foi unha das súas poucas incursións no xénero bufo, xunto con "Don Pasquale". Aínda que sempre respectou o bel canto, a este compositor débeselle que se fora modificando progresivamente o rol reservado ao tenor nos primeiros anos do romanticismo, dándolle unha grande importancia e poñendo de relevo a plenitude da súa voz.

"O elixir do amor" súmase á colección de ópera en galego para nenos impulsada por KALANDRAKA en colaboración con Hipòtesi, da que forman parte "Aida", "A Fruta Máxica", "O barbeiro de Sevilla", "Porgy & Bess" e "Turandot". Cada título contén unha adaptación do libreto, ilustracións das pasaxes,

indicacións que corresponden coas respectivas pistas no CD de audición, e unha biografía do compositor.

STEFANÍA FANTAUZZI (Pisa, Italia)

Estudou no Liceo Clásico Minghetti de Bologna e licenciouse en Filosofía. Foi profesora de italiano en varias escolas. Actualmente reside en Barcelona, onde impartiu clases no Instituto Italiano de Cultura, o Conservatorio Superior de Música do Liceo e o Conservatorio de Terrassa. Tamén colabora coa Escola de Linguas Modernas da Universidade de Barcelona. Dende 2005 traballa na Universidade Autónoma de Barcelona. Participa en congresos e publica artigos en revistas internacionais, especialmente sobre ensino do italiano aplicado ao canto.

ADRIÀ FRUITÓS (Barcelona, 1984)

Traballa no eido da ilustración e do deseño dende 2004. Participou en exposicións colectivas celebradas en cidades como Barcelona, Estrasburgo e Angoulême. Colaborou con editoriais nacionais e extranxeiras, revistas e empresas de publicidade. Entre os seus traballos máis recentes destacan campañas e edicións para medios de Suecia, Reino Unido e Canadá.

- **Temática:** libro-disco de ópera para nenos
- **Idade recomendada:** a partir de 8 anos
- **Aspectos destacables:** contén libreto adaptado, guía de audición e biografía do compositor
- **Aplicacións:** iniciación á ópera, nas súas diversas expresións; instrumentos musicais; tipos de voz

